ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN
2. MARCO LEXISLATIVO
3. A DIVERSIDADE
4. XUSTIFICACIÓN BASEDA NO CONTEXTO
5. IDENTIFICACION E VALORACIÓN DE NECESIDADES
6. OBXECTIVOS
7. DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
8. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.
9. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO
10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ENTRE AS ETAPAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNADARIA
11. CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
12. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
13. AVALAICIÓN DO PLAN

1. INTRODUCIÓN

Sabemos que nas aulas non existe un alumno tipo. Cada neno é singular e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de planificar e poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe.

Educar na diversidade conleva asumir ésta e desenvolver o seu papel enriquecedor: ensinar a cada alumno segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar asrespostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de inclusión e normalización...

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

Segundo o artigo 10 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Leiorgánica2/2006,do 3 de maio,de educación (DOG,21/12/2012),"o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a tención á diversidade a que serefire o artigo 121.2 da Lei orgánica2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado".

Así, no Plan Xeral de Atencióná Diversidade, de aquí endiante PXAD, refírense as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e a decuación da resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado do centro. Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas distintas actuacións e medidas concretas, que debe formar parte da programación xeral anual, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña (artigo11.4 do Decreto 229/2011, do 7 dedecembro).

Conforme ao artigo13.2 do Decreto229/2011, do7 dedecembro, "ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do PXAD, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro. O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Planral de Atencióná Diversidade.

2. MARCO LEXISLATIVO

Os conceptos fundamentais que subiacen en calquera acción orientada á atención á diversidade, deben partir da explicitación da norma fundamental do noso sistema educativo: a Lei orgánica2/2006, do 3 demaio, de educación e as modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que asume un compromiso neste ámbito.

Así, no artigo 1.e, a Lei sinala como un dos principios da educación "A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así comoa os cambios que experimentan o alumnado e a sociedade".

No artigo 4.3 cando se refire á ensinanza básica fai fincapé na atención ádiversidade sinalando que "sen prexuízo de que ao longo da ensinanza básica se garanta unha educación común para os alumnos, adoptarase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei."

Referíndose á Educación Secundaria Obrigatoria , manifesta que "os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa dende a consideración da atencióná diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común.(art.26.1).

Máis concretamente, en relación ao alumnado que requira unha atención educativa diferente da ordinaria, a lei no Título I Ivolve a incidir na detección das dificultades e necesidades tan pronto como se produzan e no establecemento da atención temperá e as medidas de apoio e reforzó adecuadas, baseadas nos principios de normalización e inclusión, sinalando no artigo 72.3 que "os centros contarán coa debida organización escolar e realizarán as adaptacións y diversificacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos".

Finalmente prescribe que a forma de atencióná diversidade recolleranse no PEC (CapII. Art. 121º.2)

Na nosa Comunidade, o **Decreto229/2011, do 7 dedecembro**, constitúe o referente fundamental que guiará as actuacións que levemos a cabo neste ámbito, se ben hai que ter en conta que esta se está aínda a completar o desenvolvemento normativo da LOE-LOMCE, e mesmo do referido Decreto, polo que nos rexe todo o relacionado coa atención á diversidade na queles aspectos sen nova lexislación pola normativa anterior non derroga da expresamente na LOE-LOMCE en canto non se opoñan ó disposto nesta (Aplicación das normas regulamentarias. Disposición transitoria décimo primeira da LOE).

3. A DIVERSIDADE

Que significa "diversidade"?

A diversidade é unha realidade social, e polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado, das familias, profesorado, de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

Estamos a referirnos, no alumnado a diferentes CARACTERÍSTICAS, POTENCIALIDADES, RITMOS E ESTILOS DE APRENDIZAXE, MOTIVACIÓNS E INTERESES E SITUACIÓNS SOCIAIS E CULTURAIS de todo o alumnado.

Unha resposta educativa que teña en conta esa diversidade contribuirá ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado

Segundo a LOMCE, o artigo 71 queda redactado así: Corresponde ás Administracións Educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por **presentar necesidades educativas especiais**, por **dificultades específicas de aprendizaxe**, **Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade,** por as súas **altas capacidades intelectuais**, por **incorporarse tarde ao sistema educativo**, o por **condicións persoais o de historia escolar**, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.



Que se entende por atención á diversidade?

Conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta Educativa ás diferente características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Que recolle a Lei (LOE/LOMCE) en referencia a este punto?

*Entre outros nos seus **principios** cabe destacar:*

a) A calidade da educación para todo o alumnado, independientemente das súas condicións e circunstancias.

b) A equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar cualquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de cualquiera tipo de discapacidade.

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a libertade persoal, a responsabilidade, a ciudadanía democrática, a solidaridade, a tolerancia, a igualdade, o respeto e xusticia, así como que axuden a superar cualquera tipo de discriminación.

d) A concepción da educación coma unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve a lo longo de toda a vida.

e) A flexibilidade para adecuar a educación aá diversidad de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

f) A orientación educativa e profesional dos estudiantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en conñecementos, destrezas e valores.

g) O esforzo individual e la motivación do alumnado.

h) O recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillo-as.

(…)

E, entre os seus **fins:**

a) O pleno desenvovemento da personalidade e das capacidades dos alumnos-as.

b) A educación no respeto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na ligualdade de trato e non discriminación das personas con discapacidade.

A escolaridade do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexiranse polos **principios de normalización e inclusión e asegurará a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo**.

Plan Xeral de Atención á Diversidade:

Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Elaboración e relación co proxecto educativo.

-Os departamentos de orientación de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, elaborará a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo.

- Será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo (PEC).

- O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual.

- O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual (PXA), e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

Estrutura.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade incluirá, cando menos:

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

Seguimento, avaliación e memoria.

- Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

Artigo 14. Supervisión.

Corresponde aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

4. XUSTIFICCIÓN BASEADA NO CONTEXTO

4.1.Situación xeográfica

O IES Terra Turonio está situado no Concello de Gondomar. Acolle alumnado procedente dos seguintes zonas limítrofes e ten adscritos os seguintes centros. CEIP Neiras Vilas; CEIP Donas, e CEIP de Vincios.

4.2.Contexto escolar:

O centro consta de 13 unidades na actualidade, ademais de aula de música, aula de informática, aula de Educación Plástica e audiovisual, aula de tecnoloxía, pavillón depeortivo, laboratorio, aula Tic, biblioteca, departamento de orientación, cafetería comedor, aula de apoio, aula de convivencia, así como outras dependencias destinadas ás funcións administrativas e de dirección do centro.''

O IES Terra Turonio imparte as seguintes ensinanzas:

- Etapa de Edducación Secundaria Obrigatoria
- Ciclo formativo de gardo medio de Actividades Fícias e deportivas no medio natural.

En canto aos recursos humáns para a atención á divesrsidade, sinalar que o IES, conta cun profesor especialista de pedagoxía terapéutica e un departamento de orientación.

ALUMNADO:

O IES acolle alumnado procedente do Concello de Gondomar de distintas procedencias socioeconómicas. Atópanse escolarizados alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, alumnado con desfase curricular significativo polo que contan con Adaptación Curricular Significativa, e varios alumnos que presentan necesidades educativas especiais asociadas ao espectro autista, así como un número elevado de alumnado diagnosticado de TDAH. Non existe alumnado escolarizado de procedencia estranxeira ou de incorporación tardía ao sistema educativo.

Tendo en conta o anterior, no momento actual, dispoñemos das seguintes mediadas de atención á diversidade: Reforzos Educativos, apoio educativo especializado de PT, exención da segunda lingua estranxeira, Adaptacións Curriculares Significativas, desdobres en vaias materias, Programa de acompañamento (PROA), creación dunha aula de atención educativa e da convivencia, participación do profesorado do Plan de Formación do profesorado en competencias clave etraballo cooperativo.

5. *IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES*

Todo plan parte dunha avaliación de necesidades. As estratexias empregadas para a detección de necesidades específicas de apoio educativo son as seguintes:

- Entrevistas coas familias
- Avaliacións iniciais
- Información recollida pola Orientadora nas reunións de avaliación.
- Recollida de información reunións de coordinación entre titores-as
- Reunións da Orientadora co mestras de PT para revisión de informes de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención á diversidade (ACI, RE) do alumnado de nova incorporación ao centro, análise dos informes individualizados de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e dos seguimentos realizados ao final do curso do alumnado con medidas de atención á diversidade.
- Reunións cos orientadores-as dos Centros adscritos.

As necesidades máis importantes que se detectaron ao longo dos cursos foron as seguintes:

- En relación co **alumnado**:
  - ✓ Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes dos alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo
  - ✓ Valoración de posibles novas ACS.
  - ✓ Atención a alumnos/as con dificultades en condicións sociofamiliares desfavorecidas.
  - ✓ Atención a alumnos e alumnas con dificultades específicas de aprendizaxe.
  - ✓ Prevención e detección precoz de dificultades.
  - ✓ Intervención con alumnado TDAH
  - ✓ Intervención con alumnado con trastorno dentro do espectro autista (TEA)
  - ✓ Favorecer a implicación e interese por parte do alumnado polo estudo.
- En relación coas **familias**:

- ✓ Promover a información/orientación aos pais/nais no que se refire ó desenvolvemento dos alumnos/as.
- ✓ Implicar ás familias no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.

- En relación co **profesorado**:
  - ✓ Asesoramento en medidas de atención á diversidade.
  - ✓ Implicación na introducción de metodoloxias activas e innovadoras que favorezan á atención diversidade.

En canto ao profesorado:

- **O Decreto 86/2015** na súa introducción basease na potenciación da **aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar una renovación na práctica docente e no proceso de ensino-aprendizaxe. Novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supor un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras.**

Para lograr este cambio curricular o papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que permitan este novo enfoque na aprendizaxe.
É responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Para acadar o anterior faise necesario seguir traballando na formación docente. Estar participando a través do CFR, en traballo cooperativo e competencias que favorecerá a renovación na práctica docente.

- En relación cos **servizos de apoio externos ao centro**:
  - ✓ Mantemento da colaboración cos servizos médicos que atenden aos nosos alumnos e alumnas e cos Gabinetes psicopedagóxicos aos que asisten.
  - ✓ Colaboración cos Servizos Sociais do Concello.
  - ✓ Colaboración co CEFORE

6- OBXECTIVOS

Entendendo que a **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)** é unha modificación da **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE)** e que, polo tanto, sigue vixente coas modificacións aportadas pola **LOMCE**, os obxectivos en materia de atención á diversidade guiaranse polo recollido no artigo 157 da **LOE**, en referencia a establecemento de programas de reforzo e apoio educativa e de mellora das aprendizaxes, establecemento de programas de reforzo e mellora das aprendizaxes e en atención á diversidade do alumnado, en especial, aquel alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

A realidade escolar obriga aos centros educativos a prestar unha especial atención á diversidade da poboación escolar, co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptadas ás necesidades específicas que presentan os alumnos e alumnas escolarizados. Cada centro debe pór en marcha múltiples estratexias para lograr que a acción formativa que desenvolva sexa capaz de chegar a cada unha das persoas que conforman a pluralidade do seu alumnado.

É por iso que ó longo dos diferentes cursos escolares, desde o Departamento de Orientación marcámonos unha serie de **obxectivos**, como son os que seguen:

- ✓ Detectar o antes posible as necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas e establecer un diagnóstico e intervención axeitados.
- ✓ Facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Procurar que todo o alumnado adquira as competencias básicas no maior grado que sexa posible.
- ✓ Establecer criterios pedagóxicos que orienten a adopción de decisións respecto do alumnado con necesidades especificas de apoio educativo.
- ✓ Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais implicados no proceso nun contexto de cooperación.
- ✓ Planificar propostas educativas diversificadas; de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ✓ Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumando, en especial a aquel que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Fomentar a participación das familias e involucralas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- ✓ Establecer vías de colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ó centro (cando proceda).

7. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Decreto 229/2011 *regula a atención á diversidade en Galicia. Nel recóllense as diferentes medidas de atención á diversidade (art.8 e 9) ás que podemos facer alusión neste apartado da nosa programación.*

Medidas ordinarias: aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
5. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
6. Desdobramentos de grupos.
7. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
8. Programas de enriquecemento curricular.
9. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
10. Programas de recuperación.
11. Programas específicos personalizados.
12. Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias. aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

1. Adaptacións curriculares Significativas.
2. Agrupamentos flexibles.
3. Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. (fóra da aula ordinaria)
4. Flexibilización da duración do período de escolarización.
5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
6. Grupos de adquisición das linguas.
7. Grupos de adaptación da competencia curricular.

Posteriormente a este decreto e trala LOMCE publícase o RD de currículo, no ***que tamén se recollen cuestións relativas ás medidas de atención á diversidade:***

RD 1105/2014 ; Currículo básico ESO/ Bacharelato

Artículo 16 .Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e a organización flexible das ensinanzas.

1. ACS.
2. Integración de materias en ámbitos
3. Agrupamentos flexibles
4. Apoio en grupos ordinarios
5. Desdobramentos de grupos
6. Oferta de materias específicas
7. Programas de Mellora do Aprendizaxe e o Rendimento
8. Outros programas de tratamiento personalizado

A estos efectos, os centros terán autonomía para organizar os seus grupos a as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidad mais adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. **As medidas de atención á diversidad que adopte cada centro formarán parte de su proyecto educativo (PEC, art.121 lei**)

Edad límite escolarización:

Xa na Comunidade autónoma de Galicia a través do decreto de currículo contémplanse máis aspectos sobre atención á diversidade:

Decreto 86/2015 , currículo ESO/ Bacharelato

(recolle o establecido no partado anterior do RD e engade entre outros os seguintes artigos)

- Integración de materias en ámbitos.
- Alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo

Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Estas son as medidas de atención á diversidade que están vixentes na actualidade. Fareamos unha breve descrición delas.

Reforzo Educativo (RE).

Orden de 6 de outubro de 1995 polo que se regulan as adaptacións do currículo. Medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non presciptivos do curriculum, é dicir á secuencia dos contidos, as formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos dos alumnus-as e a todo aquelo incluido dentro do ámbito da metodoloxía. O RE se levará a cabo Segundo se establece a continuación:

1. Estarán dirixidas a aqueles alumos-as que coa modificación de elementos non prescriptivos do curriculum poden seguir o proceso ordinario do ensino-aprendizaxe.
2. Serán elaboradas polo professor.a que imparte á area o material no que o laumno-a precise a medida de reforzo, co consentimento do titor ou titora. Este o comunicará ao equipo directivo e a familia do alumno-a.
3. O seu desenvolvemento será levado a cabo no conexto escolar ordinario e polo professor ou profesora do alumno que imparte á area ou materia, coa colaboración, no seu caso, dos outros profesionais. Esta colaboración non poderá sustituír en ningún caso á actuación habitual do profesor.
4. As medidas de Reforzo educativo e reflexarán no seu expediente académico do alumno co Reforzo educativo (RE). Se farán constar cun comentario no informe correspondentes ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

Adaptacións Curriculares.

Orde de 6 de outubro de 1995. Medida extrodinaria que supón modificacións dos elementos presciptivos do curriculum, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación , para atender ás necesidades educativas do alumno alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade como por as súas capacidades excepcionais.

1. O referente serán as competencias e obxectivos de cada curso adpatados ao seu nivel de competecia curricular.
2. Decidirase a convenciencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno-a determinado, unha vez agotadas outras medidas ordinarias de atención á diversidade.
3. A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, salvo en casos excepcionais, se levarán a cabo, no contexto eductivo ordinario.

4. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor-a que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico correspondente, e co asesoramento do orientador-a do centro ou do EOE , se procede.
5. Terá unha duración minima dun curso académico
6. Proceso de elaboración: 1º) avaliación diagnóstica do alumno-a realizada polo orientador-a do centro e na que participarán todos os axentes que interveñen non proceso educativo do alumno-a. 2º) reunion coordinada polo xefe de estudos na que asistirá o titor-a e os porfesores-as que imparten as materias que se consideren obxecto de adaptación curricular e os profesionais que particiapron na avalaición diagnóstica. Nesta reunion decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como os elemenros do curriculum de que deberan ser modificacdos.
7. Os datos obtenidos da alvaliación diagnóstica se reflexarán nun documento de Adaptación Curricular (DAC).
8. O director-a enviará a proposta de AC ao servizo de Inspección educative e formará parte do expedente do alumo e terá carácter confidencial.
9. A avaliación do alumno que siga unha AC farse en fución dos criterios e estandares individiuais establecidos na mesma..
10. As ACS revisaranse unha vez ao final de cada curso académico.

Apoios educativos polo especialista de PT, fóra e dentro da aula ordinaria:

Apoio especializado

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagoxía terapéutica dentro ou fora da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos con necesidade especifica de apoio educativo. Cando os apoios sexan fora da aula ordinaria non pode exceder I/3 da xornada ecolar.Deberá existir unha coordinación entre PT e o professor-a da materia responsible para que este apoio educaivo sexa eficaz.

Apoio de profesorado ordinario.

O profesorado ordinario poderá desenvolver tarefas de apoio educativo.

Con carácter xeral, poderá ser destinatario desta medida todo o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, se ben aquel que presente necesidades educativas especiais será obxecto de atención preferentemente por profesorado especialista de pedagoxía terapéutica.

Exención da segunda lingua estranxeira:

Segundo a Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as

dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

Agrupamentos Específicos:

Circular 8/2009 . Dita medida enténdese como apoio transitorio e flexible aos aprendizaxes básicos do alumnado en espazos diferenciados, cando estes presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe. As áreas suceptibles de agrupamento son Lingua e Literatura Galega e Castelá; Matemáticas, CNN e CSS. O número s de alumnos-as non superarán en ningún caso os 15 .

Desdobramento de grupos:

Poderánse desdobrar grupos para a realización de determinadas actividades co obxecto de facilitar aos alumnos unha atención máis individualizada.

A programación será a mesma para os dous grupos e a coordinación entre o profesorado debe ser máxima.

Na formación dos grupos de alumnos evitarase calquera clasificación dos alumnos polos seus coñecementos, ou rendemento.

Contratos/Programa:PROA:

Programa de reforzo, orientación e apoio (**PROA**): modalidade de **acompañamento** fóra do horario lectivo. Con esta actuación preténdese mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades, a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición das destrezas básicas que faciliten a incorporación plena ao ritmo do traballo común e as exisencias das diferentes áreas e materias.

Estará dirixido ao alumnado da ESO, nela darase unha maior relevancia ás acciones dirixidas á mellora da aprendizaxe do alumnado en desventaxe socioeducativa.

Esta actuación incorporará todas aquelas medidas que incidan na mellora das competencias nas áreas instrumentales básicas priorizando las dirixidas ao desenvolvemento da **competencia matemática**.

O desenvolvemento desta actuación incluirá **sempre** o reforzo desta competencia, poderá incluir tamén actuacións para a mellora da competencia en comunicación lingüística e/ou competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Integración de ámbitos:

Decreto 85/2015 do decreto do Curriculo de ESO

Artigo 18. Integración de materias en ámbitos de coñecemento

Coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria, a Consellería con competencias en materia de educación e, de ser o caso, os centros docentes, poderán agrupar as materias do primeiro curso en ámbitos de coñecemento. Este tipo

de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliables e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non así nas decisións asociadas á avaliación e á promoción.

Artigo 20. Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento

- Medida a partir de 2º ESO
- Metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral.
- Alumnado con dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo.
- Equipo docente poderalles propor aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento dos/das alumnos/as que repetisen cando menos un curso en calquera etapa e que, logo de cursado o 1ºESO, non estean en condicións de promoción ao 2ºESO, ou que logo de cursar o 2º non estean en condicións de promoción ao 3º. O programa desenvolverase ao longo dos cursos 2º+3º no primeiro suposto, ou só en 3º no segundo suposto.
- Os alumnos e as alumnas que, cursando 3º ESO, non estean en condicións de promoción ao cuarto curso poderán incorporarse excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir terceiro curso.
- Cada programa deberá especificar a metodoloxía, a organización dos contidos e das materias e as actividades prácticas que garantan o logro dos obxectivos da etapa e a adquisición das competencias para promocionar a 4º e titular. Ademais, potenciarase a acción titorial como recurso educativo que poida contribuír dun xeito especial a emendar as dificultades de aprendizaxe e a atender ás necesidades educativas do alumnado.
- A avaliación terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.
- A consellería con competencias en materia de educación establecerá a forma de acceso a estes programas, así como a súa organización e a súa avaliación.
- En todo caso, a súa incorporación requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou titores/as legais.
- A CCP concretará o criterios de incorporación do alumnado a dito programa sen perxuizo do establecido na normativa. (xa aprobado polo claustro)

Programa de reforzó nas áreas instrumentais (LG/LC/MAT)

Destinatarios: 1º e 2º de ESO:

- Alumnado que promociona dende 6º curso EP sen acadar as competencias.
- Alumnado repetidor de 1º de ESO
- Alumnado de 2º de ESO con materias instrumentais pendentes
- Alumnado repetidor de 2º de ESO

Organización horario: quedarán exentos de cursar a segunda lingua estranxeira

Currículo: Mínimos

Metodoloxía: atención personalizada. Nas programacións didácticas estableceranse o procedemento de cualificación das materias pendentes.

Programa de recuperación:

Destinatarios: 1º e 2º de ESO.

- Alumnado con materias suspensas non instrumentais

Organización horaria: poderá quedar exento de cursar a segunda lingua estranxeira

Currículo. Mínimos

Matedoloxía e avaliación: A avaliación caerá a cargo do profesor que o imparta.

Programas específicos personalizados:

Destinatarios: 1º, 2º, 3º e 4º

Organización horaria: a determinar polo centro

Currículo: se trata de actividades para realizar semanalmente

Será impartida polo profesor-a que imparta a materia unha vez informado o titor-a e éste informará as familias.

Plan especifico de RE para alumnado repetidor

(DOG,30/11/07), apermanencia dun alumno un ano máis no ciclo deberá iracompañada dun plan específico de reforzó educativo organizado polo centro arredor das competencias básicas e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

O Plan incluirá unha serie de actuacións con este alumnado nas áreas non superadas, con especial incidencia nas instrumentais, co obxectivo de incrementar o éxito escolar actuando sobre as variables que incidiron negativamente no seu rendemento.

Formará parte da programación do curso e será elaborada e desenvolta polo profesor da área co asesoramento, se éocaso, da orientadora**.**

Flexibilidade de idade:

Flexibilización da idade na permanencia da etapa:

- **Para o alumnado con NEE**. Idade límite de esolaridade: **A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)** en centros ordinarios poderá **prolongarse un ano mais**, sin menoscabo do dispuesto no artigo 28.5 de dita Lei Orgánica, segundo o cal, o alumno o alumna poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición

deba producirse no terceiro ou cuarto curso, se prolongará un ano ó límite de idade por lei, (18 anos), polo tanto, **ata os 19 anos, cumpridos no ano no que finalice o curso.** Excepcionalmente, un alumno o alumna podrá repetir unha segunda vez no cuarto curso se non repetira nos cursos anteriores da etapa.

- **Para o alumnado con altas capacidades.** Segundo ao artigo 77 da LOMCE**.** O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá as normas para flexibilizar a duración de cada unha das etapas do sistema educativo para os alumnos con altas capacidades intelectuais, con independencia da súa idade.
- **Para o alumnado ordinario** está recollido nos decreto de curriculo e nas ordes de avaliación que o desenvolvan.
- **Para o alumnado que se incorpora de forma tardía ao Sistema educativo** (artigo 19 do Decreto 85/2015). A escolarización do alumnado que se incorpora de xeito tardío ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas cirsunstancias, aos seus coñecemenos, á súa idade e ao seu historial académico. O alumnado que presente un desfase curricular do seu nivel de competencia curricular de maís de dous anos poderán ser escolarizados/a son curso inferiror ao que lles correspondan por idade.

Grupos de Adquisición de linguas e da Adaptación Curricular son medidas para o alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular siginificativo e grves dificultades de adaptación (Orden deo 20 de febreiro de 2004)

Atención domiciliaria e hospitalaria:

Decreto *229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia*

O centro poderán solicitar á atención hospitalaria: cando o alumndo deba permanecer ingresado nun centro hospitalario entre 15 e 30 días.

O centro poderá solicitar a atención educativa a domicilio cando un alumno-a deba permancer convalecente no seu domicilio por un periodo de tempo superior a un mes.

Enriquecemento curricular

Destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.

O seu desenvolvemento estará a cargo do profesorado do alumno co asesoramento dos servizos de orientación.

Este mesmo Decreto establece que se determinarán medidas para colectivos como: alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal; alumnado sometido medidas de protección e tutela; alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar; alumnado pertenecentes a familias itinerantes, atención a mozas embarazadas

PROTOCOLOS:

A Conselleria de Educación ten publicado no **portal educativo** PROTOCOLOS para la atención de alumnado de necesidades de apoio específico como é o caso do **PROTOCOLO para a identificación, atención e intervención do alumando con TDAH.** Estableciendo pautas de actuación para o profesorado que imparte docencia a dito alumnado.

Outras medidas que favorecen unha maior e eficaz atención a diversidade do alumnado do n centro:

- **Criterios de adscrición do profesorado**: priorizará o profesorado con destino definitive para impartir os grupos de PMAR e a integración de materias en 1º de ESO, se fora o caso.
- **Distribución do alumnado dos grupos de 1º e 2º de ESO empregando criterios pedagóxicos**.
- **Criterios de elaboración dos horarios do alumnado**

Sempre que sexa posible, os horarios do alumnado realizaranse baseaos seguintes criterios:

a. Cada titor impartirá a lo menos 1 hora diaria ao seu grupo. Valorar a posibilidade de "titoría compartida" nos grupos numerosos e/ou os que precisan unha maior atención.

b. En canto á situación das áreas na xornada diaria, tendo en conta a relación entre tempo e rendemento, é recomendable que (segundo diversos autores):

- As matemáticas e as linguas se sitúen nas dúas primeiras horas. As CCSS e CCNN nas terceiras
- Despois do recreo convén situar as áreas menos fatigantes: educación artística, relixión, E.F.

Os horarios das materias con alumnado que recibe apoio aula polo profesorado de PT, estarán supeditados á organización previa destes apoios, sempre que fora posible.

Metodoloxías que favorecen a individualización e promovan a inclusión.

Terase en conta o establecido na,
"Orden ECD/65/2015, de 21 de enero", pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de evaliación da educación primaria, la educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
ANEXO II
"Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula.
Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigurosa do que se pretende acadar, tendo claro cáles son os obxectivos ou metas, qué recursos son necesarios, qué métodos didácticos son os máis adecuados e cómo se evalúa o aprendizaxe e se retroalimenta o proceso.
Os métodos didácticos deberán escollerse en función do que se sabe que é óptimo para acadar as metas propostas e en función dos condicionantes nos quen ten lugar o ensino.
A natureza da materia, as condicións socioculturales, a disponibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido polo profesor se axuste a estos condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado.

Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademáis, deben enfocarse á realización de tarefas o situacións-problema, plantexadas cun obxectivo concreto, que el alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; asi mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e respeto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial del currículo, é preciso sinalar que cualquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas debe axustarse ao nivel competencial inicial destos. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes mais simples para avanzar gradualmente cara a outros mais complexos.
Un dos elementos clave no ensino por competencias é despertar e manter a motivación cara o aprendizaxe no alumnado, o que implica un novo plantexamento do papel do alumno, activo autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos a alumnas e, a tal fin, os profesores deben de ser capaces de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Asi mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender é necesario que o profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudiantes comprendan o que aprenden, saiban para qué o aprenden sexan capaces de empregar lo aprendido nos distintos contextos dentro e fóra da aula"

Polo que, na medida do posible utilizaranse estratexias tales como:

a. Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.

b. Titoría entre iguais.

c. Aprendizaxe por proxectos.

d. Aprendizaxe por tarefas.

e. Autoaprendizaxe ou aprendizaxeautónomo.

f. Aprendizaxe por descubrimento.

g. Talleres de aprendizaxe.

h. Organización de contidos por centros de interese.

i. Traballo por rincóns.

j. Grupos interactivos.
k. …

Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social e educación en valores:

- Traballarase en todas as materias mediante actividades concretas que figuran nas programacións de aula e conforme ao establecido no Plan de Convivencia.
- **Aula de convivencia inclusiva e atención educativa.** Regulada conforme ao establecido no Plan de Convivencia.

Procedemento de demanda de intervención/avaliación do alumnado por parte do Dpto de Orientación.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de informe ou de avaliación psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

1-Comunicado por parte do profesor/a ou titor/a ao orientador-a do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determina do alumno.

2-Cumprimentación por parte do demandante da folla de derivación aportado polo orientador-a. **Ver anexo.**.

3-Titor/a do alumnao-a informará á familia de dita demanda e a familia asinará unha conformidade.

4- Proceso de avaliación e redacción do correspondente informe psicopedagóxico por parte do orientador-a, que formará parte do expediente do alumno.

5- A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudios.

8 . DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Os criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas no epígrafe anterior veñen concretados no desenvolvemento que facemos dos diferentes aspectos relacionados coas mesmas.

Non obstante, como principios ou liñas mestras da acción global que o centro desenvolve para atender á diversidade queremos salientar:

- Procurar a calidade, eficacia e eficiencia na atención ao alumno/a.
- Aproveitamento adecuado dos recursos humanos do centro.
- Posta dos recursos materiais ao servizo das actuacións de mellora do proceso educativo.
- Garantía das condicións que asegure na calidade dos servizos e actuacións que desenvolvemos.
- Procura do beneficio do maior número de alumnado.
- Priorizara atención ás necesidades máis perentorias.
- Equidade na distribución dos recursos.
- Procura de recursos para a mellora cuantitativa e cualitativa da atención ao alumnado tanto da administración educativa como de outros organismos ou entidades.

9 .CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Entre as funcións destes profesionais que establece a normativa, en relación coa atención á diversidade destacamos:

9.1. Equipo directivo

- A organización do centro para a adecuada utilización e o aproveitamento dos recursos materiais e a optimización do rendemento dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás

necesidades de todo o alumnado en xeral e, en particular, da quel con necesidade específica de apoio educativo.

- Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- Promover e impulsar a atención a diversidade, garantindo o adecuado desenvolvemento tanto das medidas e actuacións de carácter preceptivo que figuran n anormativa como das recollidas no Plan Xeral deAtención á Diversidade e nos demais documentos do Proxecto Educativo e de desenvolvemento curricular, xestión, organización, funcionamento e na PXA.

9.2. Profesorado

- Reforzara a ción titorial, entendida como a planificación de actuacións, que posibilite a adecuada resposta a o alumnado a nivel académico, persoal e social.
- Desenvolver as medidas e actuacións de ámbito curricular, relación a le organizativo para favorecer a convivencia que se recollen no Plan de Convivencia.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación das acción que se levan a cabo no centro en relación ao alumnado.
  - Elaborar os informes que correspondan do alumnado obxecto das medidas de atención á diversidade.
- Participar na proposta de organización da atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza a orientadora.
- Solicitar á orientador/a avaliación do alumnado que considere cumprimentando á folla de derivación establecida ao efecto. Proporcionar á orientador/a os datos do alumnado en relación á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa para a realización das avaliacións deste e outra información que se lle solicitase.
- Proporcionar aos pais a través das titorías a información relativa á acción educativa que se desenvolva cos seus fillos, de maneira especial cando estes son aneae: RE, AC, apoios, intervencións individualizadas dos profesores de PT, avaliacións psicopedagóxicas,..,e recabar del esas autorizacións e documentación pertinente.
- Coordinar, como labor titorial, ao profesora do que intervén nun mesmo grupo de alumnos para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.

9.3. Profesorado de PT

- Participar na proposta de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza a orientador/a.
  - Apoiar ao profesorado do centro na atención á diversidade.

- Intervir directamente co alumnado con necesidade específica de apoio educativo no desenvolvemento da acción educativa.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares e no seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- Elaborar, en coordinación co profesorado da área ou materia na que intervén, a planificación da súa acción educativa co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaborar no seguimento e avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e participar nas sesión de avaliación. Non obstante, a cualificación e decisión de promoción corresponderalle ao profesorado da área
- Elaborar, xunto co profesor da área, as adaptacións dos materiais didácticos que o alumnado co que intervén precisa para o desenvolvemento do proceso educativo.
- Colaborar co profesor a do titor nas relación cos pais, nais ou titores legais do alumnado ao que imparte docencia.
- Elaborar, coa periodicidade establecida para a realización das avaliacións do alumnado no centro, informe individualizado do alumnado co que intervén que entregará ao titor cando o solicte.

  - Se fora o caso, colaborar co titor e profesorado da área na que apoia ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo na elaboración dun informe de avaliación para entregar aos pais, nais ou titores legais coa periodicidade establecida para as avaliacións do alumnado no centro.

  - Desenvolver aquel outras funcións que correspondan relación a das co apoio a este alumnado

9.4- Orientador/a

- Asesorar e colaborar co profesorado na procura da optimización do proceso educativo.
- Colaborar e asesorara o profesorado no desenvolvemento das medidas establecidas no presente Plan de Atención á Diversiade.
- Elaborar os Documentos de Adaptación Curriculares Indivisuales para elevar á dirección do centro e a súa posterior aprobación por parte da Inspección educativa.
- Colaborar coas familias e asesoralas na atención aos seus fillos.
- Atender as demandas de avaliación dos alumnos realizadas polos profesores e familias.

-Manter relación coas entidades e servizos externos que poidan prestar apoio ao alumnado e/ou familias e orientar estas últimas para beneficiarse dos servizos que prestan.

-Intercambiar, previa autorización dos pais, información cos servizos médicos ou asistenciais públicos, colaborando no desenvolvemento do alumo.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ENTRE AS ETAPAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA.

Para o adecuado funcionamento das institucións escolares é condición necesaria a coordinación e colaboración entre os seus compoñentes. Consecuentemente, a optimización do desenvolvemento das medidas de atención á diversidade precisa tamén a colaboración e coordinación entre os implicados nas mesmas.

ALOE-LOMCE fai referencia, ao abordar noTítulo V dedicado á participación, autonomía e gobernó dos centros, aos órganos de coordinación docente e de orientación que, xunto cos de goberno, son os piares do funcionamento dos centros educativos.

Neste epígrafe non imos incidir sobre o que xa está regulado. Trataremos de facer fincapé nalgún aspecto que entendemos debe precisarse:

1. A coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

10.1 .Coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria

O Decreto 229/201, n oart .41.3. estabrece: “O planxeral de atención ádiversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entreos centros educativos implicados”.

Así, coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de educación primaria establecese, complementando a preceptiva remisión de documentación que forma parte do expediente do alumno, unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de educación primaria, na que participarán os xefes de estudios e orientadoras dos centros adscritos de educación primaria e do IES e os titores de 6º curso.

Nesta reunión intentarase analizar a traxectoria educativa de cada alumno incidindo fundamente principais logros e dificultades

Circunstancias que poden afectar ao seu rendemento escolar: absentismo, pasividade, escaso cumprimento das normas, así como os seus niveles de responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade,etc.

- Nivel de competencia curricular aproximado especialmente nas áreas instrumentais.
- Medidas de atención á diversidade que se desenvolverán e a eficacia das mesmas
- Prostas para a exención da segunda lingua estranxeira, ou medidas de RE ou ACS.
    - Informe dos departamento de orientación, da profesor de PT e AL de ser o caso

- Informes de servizos externos.

Desenvolverase asi mesmo o Programa de Acollida da ESO, que figura no Plan de Convivencia, destinado a preparación do alumnado que vai rematara súa etapa formativa no centrode Educación Primria incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo.

11- CANLES DE COLABORACIÓN COS PAIS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Segundo oartigo 4 da LODE, os país ou titores, en relación coa educación dos seus fillos-as, teñen os seguintes dereitos:

- A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade,conforme cos fins establecidos na
- Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas Leis educativas
- A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.
- A que reciban a formación relixiosa e moral que estea deacordo coa ssúas propias convicciónns.
- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe ei ntegración socio-educativa dos seus fillos. e)

  A participar no proceso de ensinanza e aprendizaxe do sseus fillos.
- A participar na organización, funcionamento, gobernó e avaliación do centroeducativo, nos termos establecidos nas leis.
- A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, correspóndelles:

- Estimulalos para que leven a cabo as actividades de estudio que se lles encomenden.
- Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus filloso cursen a sensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.
- Participar de maneira activa en las actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos
- Coñecer, participar e apoiar a evolución doseuproceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros
- Respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.

- Fomentaro respecto por todos os componentes da comunidade educativa.

[3]Redación dada pola disposición FinalPrimeira,apartado1 dela L.O.2/2006,de3 de maio.

Así, as nais e país participarán no gobernó do centro educativo através do ConselloEscolar, organizaranse através da ANPA e terán estreito contacto cos membros da comunidade escolare, especialmente, cos profesores dos seus fillos e equipo directivo.

O centro educativo debe facilitar e potenciar que isto se faga efectivo no seu día a día a travésde:

- Reunións de titoría grupal coas familias.
- Atención individual do titor/a familias na hora destinada a tal fin.
- Circulares informativas, de centro e/outitoría.
- Atenciónindividual doequipo directivo de se lo caso
- Atenciónindividual da orientadora.
- A páxina web do centro
- ...

O centro potenciará tamén a necesaria colaboración con servicios externos como EOE, servizos médicos, Servizos Sociais, etc.

12. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Os procedementos as eguir en relación coas medidas extraordinarias recóllense no desenvolvemento das mesmas nos epígrafes anteriores e os documentos correspondentes figuran no **ANEXOS**

13. AVALIACIÓN DO PLAN

O Plan de Atención á Diversidade estará suxeito a un proceso continuo de seguimento e avaliación de tal forma que, anualmente, se estableza nas modificacións e áreas de mellora pertinentes para axustar a resposta educativa ás necesidades do propio centro e do alumnado nel escolarizado.

13.1. Instrumentos paraa avaliación

A avaliación deste plan realizarase a finais de curso por parte do Departamento de Orientación nos termos establecidos pola normativa vixente.

Empregando criterios como a valoración da eficacia das medidas, resultados acadados polos alumnos-as, grado de satistación docente e través de instrumentos como cuestionarios, escalas observación, análise de resulatdos,etc.

-

-